

MANIFESTO ELABORADO POLO CONSELLO LOCAL DA INFANCIA DA CORUÑA CON MOTIVO DO 8M DO ANO 2026.

Somos as nenas e nenos que formamos parte do CLIAC.

O **CLIAC é o Consello Local da Infancia da Coruña**, un grupo de participación infantil con nenos e nenas de toda a cidade.

Facemos encontros todos os meses para falar, debater e facer propostas para que a cidade e o mundo sexan un lugar mellor, para a infancia e para todas as persoas. As nosas propostas levámolas ao goberno municipal nun Pleno Infantil, para que a nosa voz tamén conte. Falamos sobre moitos temas, como o medio ambiente, a accesibilidade, a mobilidade.. Tamén falamos de educación, o acoso escolar e saúde mental, entre moitos outros.

Entre os temas que nos preocupan tamén está a igualdade. A igualdade efectiva entre homes e mulleres, porque cremos que aínda hai moitas cousas que poden mellorar. Como se está achegando o **8 de marzo, que é o día internacional das mulleres e da loita pola igualdade**, cremos que é un bo momento para que nós tamén alcemos a voz. As nenas, os nenos e as persoas adultas, temos a responsabilidade de crear un futuro mellor. E por máis que pasan os anos e as mulleres seguimos loitando, aínda non temos un mundo que sexa completamente xusto.


Queremos amosar a nosa indignación pola desigualdade de xénero, para facer que cambien non soamente as cousas, tamén as persoas e dar palabra aos que non a teñen.

Por iso, fixemos un manifesto, o noso manifesto!! Para que se escoite ben alto e ben claro que: As persoas somos diferentes, pero iguais en dereitos e oportunidades.

Pedimos que en todos os lugares se trate ás nenas con xustiza. Queremos que cada persoa poida facer o que se propoña: xogar, aprender, soñar e traballar no que lle guste.

Sabemos que no traballo aínda hai moitas diferenzas e por iso pedimos máis oportunidades para todas as mulleres, e que se apoie a quen non pode acceder a un emprego. Reclamamos que se organicen folgas, encontros e actividades que axuden a dar voz a este tema e a mellorar a situación. As mulleres deben recibir o recoñecemento que se merecen, especialmente aquelas que, ao longo da historia contribuíron en campos como a ciencia, o cinema, a tecnoloxía e moito máis.

Tamén pensamos no deporte, porque é algo que forma parte da vida de moitos nenos e nenas. Vemos que hai disciplinas que se consideran “de nenos” (como o hóckey ou o fútbol) e outras “de nenas” (como o voleibol ou a ximnasia rítmica), e non nos parece xusto. Pedimos que todos os clubs fagan o posible por ter equipos mixtos ou equipos de ambos xéneros. Cando haxa nenas que queiran practicar un deporte, non debería haber excusas para deixalas fóra.



Cremos que a igualdade ten que ser algo diario. Queremos un mundo onde as nenas e as mulleres poidan vivir sen violencia nin discriminación. Pensamos que todos podemos achegar algo: tratar ás persoas con respecto, evitar comentarios que fagan dano e defender os dereitos de quen non pode falar.

Sabemos que aínda existen pequenas diferenzas en moitos ámbitos. Aínda que non sempre se vexan, están aí, e por iso pedimos que se actúe para eliminalas.

O noso soño é que todas as persoas teñan as mesmas oportunidades, sen importar a idade, a relixión, o sexo ou o lugar onde naceron.

Xuntas e xuntos queremos un futuro no que a igualdade sexa REAL e no que todas as persoas poidan vivir con liberdade e respecto.

Moitas grazas por escoitarnos!

